



2b. Documentación e marcas



Documento principal

MARCAS DE IDENTIFICACIÓN

- Bovino
- Porcino
- Pequenos ruminantes
- Equino

DOCUMENTACIÓN DE ACOMPAÑAMENTO

- Bovino
- Porcino
- Pequenos ruminantes
- Equino

PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN DOS SVO ANTE ANIMAIS MAL DOCUMENTADOS OU INCORRECTAMENTE IDENTIFICADOS

CADRO DE DECISIÓNS

REXISTROS - SEMAGA



2b.- CONTROL DAS MARCAS DE IDENTIFICACIÓN E DA DOCUMENTACIÓN DE TRASLADO

O operador do matadoiro debe realizar diariamente o control da documentación de acompañamento dos animais que recibe, tanto os correspondentes ao operador económico do gando (ICA) como da documentación sanitaria (GOSP, DIB...). Ademais en caso de erro, o matadoiro terá un sistema de adopción de medidas oportunas para evitar a entrada destes animais ao sacrificio e comunicarlle estas incidencias aos SVO, tendo correctamente localizados os animais nas cortes. Rexistrará todas aquelas incidencias detectadas tanto na documentación como na identificación dos animais.

O SVO, a condición de que o número de animais para cada especie sexa superior a 25 revisarán a documentación de, polo menos, o 10 % dos animais para os que non haxa observacións anotadas no rexistro de entrada e a de todos aqueles casos nos que figuren incidencias ou observacións reflectidas no dito rexistro.

No caso de movementos intracomunitarios de animais vivos con destino a matadoiro, comunicados mediante o sistema TRACES, aplicaranse as actuacións de control oficial dispostas no ANEXO TRACES.

<https://vetmaga.sergas.gal/Contidos/Marcas-Instruccion-TRACES-inspectores>



2b.1 MARCAS DE IDENTIFICACIÓN

2b.1.1 BOVINOS. Marcas auriculares

Un crotal auricular en cada orella co mesmo código composto das letras ES e 12 díxitos e o exemplar número 1 do DIB. Aceptaranse para sacrificio os animais identificados cun único crotal, pero deberase rexistrar tal particularidade.



Os dous primeiros caracteres identifican o Estado membro da explotación na que foi identificado o animal por primeira vez e a tal fin terase en conta o código de dúas letras do país que figura no anexo I do Regulamento 911/2004 e os caracteres que van a continuación do código do país son numéricos e non poden ser mais de 12

Identificación electrónica

Así mesmo poderán chegar animais doutros países, os crotales poderán ter diferentes lecturas, as cales xa están introducidas no sistema informático Semaga para que poidan ser recoñecidas

https://ec.europa.eu/food/animals/identification/bovine/ms_info_en



2b.1.2 PORCINO

Real Decreto 205/1996. Art.7: Todos os animais da especie porcina deberán ser marcados o antes posible e, en calquera caso, antes de saír da explotación cunha marca, consistente nun crotal auricular ou unha tatuaxe segundo o que estableza a autoridade competente, de similares características ás descritas no anexo V. A dita marca determinará a explotación da que proceden os animais e conterá a estrutura establecida no artigo 5 do Real decreto 479/2004, de 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras (REGA).

Descrición das marcas para o gando porcino:

1. Para os animais de cebo no caso de que a marca auricular sexa mediante crotal, este será de plástico e flexible ou de plástico e latón, constará de dúas pezas ensambladas entre si mediante un vástago na peza macho ou unha terceira peza, quedando de tal xeito unidas que sexa imposible a súa separación.

Cando a autoridade competente estime oportuno desenvolver accións sanitarias nas que sexa necesario identificar individualmente aos animais, a dita identificación farase de acordo ao establecido no apartado 2 deste anexo.

2. No caso de que a autoridade competente estableza a identificación dos animais reprodutores mediante un crotal, este será de plástico flexible e nel poderá constar, ademais do código da explotación, a identificación individual do animal. A dita identificación estará composta polo indicativo provincial mais catro números e dúas letras.

3. Cando o marcado se realice mediante unha tatuaxe esta realizarase con tinta indeleble e será facilmente lexible ao longo de toda a vida do animal.

A efectos prácticos, a identificación porcina poderá polo tanto realizarse en calquera tipoloxía de animal (leitóns, porcinos de cebo ou animais reprodutores):

- Con crotal auricular.
- Con tatuaxe con tinta indeleble. Os restos da tinta van permanecer no animal despois do seu sacrificio, polo que será unha tinta autorizada para uso alimentario. Esta tatuaxe pode aplicarse en calquera parte do corpo, pero o habitual é a aplicación no lombo do



animal.

Nos dous casos, a estrutura do código de identificación corresponderá coa estrutura do código REGA (código de rexistro da explotación de procedencia) que consta de 14 díxitos segundo a seguinte estrutura:

ES + XX + YYY+ ZZZZZZ

Onde:

ES= España

XX= código INE da provincia (en Galicia 15/27/32/36, A Coruña/Lugo/Ourense/Pontevedra)

YYY= código INE de concello, por exemplo 052 = Concello de Silleda (Pontevedra)

ZZZZZZ= sete díxitos que identifican á explotación dentro do concello

Notas importantes:

1.-: Considérase correcto que nas marcas con tatuaxe (non no caso dos crotais auriculares) se podan eliminar os "0" situados á esquerda no rango dos 7 díxitos ZZZZZZ que identifican a explotación dentro do concello.

Exemplo: ES360520006901, podería identificarse como ES360526901

2.-Así mesmo, considérase correcto que na tatuaxe, na zona dorso-lumbar, a codificación se presente nunha soa liña ou en dúas. No caso de utilizar a marcaxe en dúas, liñas aconséllase que na liña superior consten os díxitos ESXYYY e na liña inferior os sete díxitos ZZZZZZ que corresponden á explotación dentro do concello (ou menos díxitos no caso de que se supriman os ceros accesorios situados a esquerda).

3.- É necesario deixar claro que o "martelo punzonador" habitualmente usado aplicado sen tinta, directamente na zona dorsal dos animais non é un método adecuado pois a identificación que provoca, por pequenas hemorraxias xeradas polas agullas do martelo, non posibilitan a identificación do animal en todo momento tras o marcado senón só despois de realizado o escaldado do animal no matadoiro. Ademais non é considerado unha tatuaxe en si, pois esta implica o emprego de tinta.

Sí sería considerado un método acorde coa normativa vixente se ese mesmo martelo punzonador é utilizado impregnado en tinta antes da súa aplicación; estaríamos a falar entón, dun "martelo tatuador" con tinta, que posibilita a lectura do código de identificación en todo momento tras a aplicación do



mesmo.

4.- Ademais da marca coa identificación do código de explotación á que pertencen habitualmente por cuestións zootécnicas os animais reprodutores adoitan portar códigos de identificación individual, aínda que esta non está establecida en Galicia como obrigatoria. Polo tanto, os animais reprodutores que se destinen a sacrificio en matadoiro, considéranse correctamente identificados, como calquera outro animal da especie porcina se presentan a identificación co código de explotación de procedencia segundo o indicado anteriormente, tendo a codificación de identificación individual que puideran portar, sendo esta última de carácter facultativo.

2b.1.3 PEQUENOS RUMINANTES

Os animais con destino a sacrificio menores de 12 meses, identificaranse mediante un único crotal auricular colocado preferentemente na orella esquerda, no que constará o código REGA da explotación.

Agás esta excepción levarán un crotal auricular na orella dereita e un identificador electrónico co mesmo código de identificación consistente nas letras ES, dous díxitos que identifiquen a comunidade autónoma, e dez números de identificación individual.

O identificador electrónico será un bolo ruminal, que poderá substituírse:

- **Nos ovinos** por unha marca auricular electrónica preferentemente na orella esquerda.



- **Nos caprinos** por unha marca auricular electrónica na orella esquerda ou unha marca electrónica na quartilla da extremidade posterior dereita ou un inxectable no metatarso dereito. No caso de que o identificador electrónico sexa un inxectable, tense que indicar no documento de movemento dos animais o tipo de dispositivo e a súa localización exacta.



Tras o sacrificio dos animais débese asegurar a recuperación dos medios de identificación, garantindo que o identificados electrónico non chegue a cadea alimentaria.



2b.1.4 EQUINO

Os équidos identificados en Galicia, nados en explotacións rexistradas como de produción e reprodución cuxo obxectivo sexa a produción de équidos de abasto e que sexan trasladados con destino a sacrificio antes da idade de 15 meses, poderanse identificar mediante unha marca auricular electrónica.

Os animais de abasto identificados coa marca auricular electrónica e trasladados antes dos 15 meses con destino a cebadeiro poderán manter esta identificación aínda que no momento da entrada no matadoiro superen esta idade.

Os menores de 12 meses poderanse trasladar ao matadoiro sen Documento de identificación equina, se teñen autorización oficial de traslado.

Tanto os équidos rexistrados como os de crianza e rendemento maiores de 15 meses, identificaranse cun transpondedor no terzo anterosuperior do pescozo baixo no ligamento nugal.

O veterinario oficial verificará que o operador do matadoiro comproba a identidade de cada animal e verifica a información que conteña a sección II do DIE respecto a aptitude de cada animal para o seu consumo.

- **Resolución do 10 de novembro de 2010**, da Consellería de Medio Rural e Pesca, pola que se regula o sistema de identificación e rexistro dos équidos nas explotacións gandeiras do Principado de Asturias
- **Real Decreto 676/2016**, do 16 de decembro, polo que se regula o sistema de identificación e rexistro dos animais da especie equina.
- **Regulamento de Execución (UE) 2021/963** da Comisión do 10 de xuño de 2021 polo que se establecen disposicións de aplicación dos Regulamentos (UE) 2016/429, (UE) 2016/1012 e (UE) 2019/6 do Parlamento Europeo e do Consello polo que respecta á identificación e o rexistro de equinos e polo que se establecen modelos de documentos de identificación para eses animais (Texto pertinente a efectos do EEE)



2b.2 DOCUMENTACIÓN DE ACOMPAÑAMENTO

2b.2.1 BOVINO

1. Exemplar nº 1 do Documento de Identificación Bovina (DIB) ou Pasaporte Intracomunitario. Coa falta deste documento os animais consideraríanse mal identificados, por ser o DIB un dos elementos de identificación dos bovinos.

2. Documento de autorización do movemento:

- En animais da CA de Galicia: orixinal ou copia cotexada (cotexo de menos de 6 meses), ou exemplar impreso dende a OAV (Oficina Agraria Virtual), da Folla de cualificación sanitaria da explotación de procedencia ("carta verde") do ano sanitario en curso, na que figure a res ou, en animais menores dun ano, a nai destes. En todo caso, a Folla de cualificación sanitaria ten unha validez máxima de 14 meses dende a data de diagnóstico, e ademais os exemplares impresos dende a OAV teñen unha validez máxima de 6 meses dende a data de emisión . As "cartas verdes" tamén amparan o movemento de animais nados na explotación aínda que a nai non figure nela.
- Guía (GOSP): para animais procedentes doutras CA ou, de explotacións que non contan nese momento con cualificación sanitaria, ou animais que non constan na Folla verde nas condicións do parágrafo anterior. .
- Certificado intracomunitario (TRACES) en animais procedentes directamente doutros Estados Membros da UE.

3. Información da Cadea Alimentaria (ICA): Cuberto en todos os seus apartados cos datos obrigatorios, asinado por unha persoa identificable (nome e DNI), e dentro do prazo de validez de 48 horas.

4. Conduce: no caso de animais procedentes de Campañas de Saneamento Gandeiro.



5. Certificado de desinsectación, de ser exigible, en bovinos procedentes de zonas restrinxidas de Lingua Azul. Tamén é precisa a notificación previa 48 horas antes

6. En sacrificios de urxencia fora do matadoiro: Declaración do veterinario actuante e do propietario cos datos establecidos no PROCEDIMIENTO NORMALIZADO DE TRABAJO SOBRE LAS ACTUACIONES DEL SERVICIO VETERINARIO OFICIAL ANTE LA LLEGADA DE ANIMALES AL MATADERO SACRIFICADOS DE URGENCIA EN LA EXPLOTACIÓN DE ORIGEN

<https://vetmaga.sergas.gal/Contidos/PNT-8>

2b.2.2 PORCINO

1. GOSP: emitida directamente nunha oficina agraria comarcal, ao través da Oficina Agraria Virtual (OAV) ou ben, de uso excepcional cando a OAV non estea operativa, unha autoguía de talonario de documentos en formato papel.

2. Certificado Intracomunitario (TRACES) en animais procedentes directamente doutros Estados Membros da UE.

3. Información da Cadea Alimentaria.

2b.2.3 PEQUENOS RUMINANTES

1. MAIORES DE 12 MESES

1. Documento de acreditación sanitaria expedido pola OAV, ou GOSP.

2. ICA

2. MENORES DE 12 MESES:

- GOSP
- ICA



2b2.4 EQUINO

MENORES DE 12 MESES procedentes de Galicia.

Crotal auricular electrónica'

GOSP

ICA

RESTO DE EQUINOS

- Documento de Identificación equina, ou GOSP. Para poldros de fóra de Galicia, ambos, e TRACES para os procedentes doutros países membros.

- ICA

2b.3 PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN DOS SVO ANTE A DETECCIÓN DE ANIMAIS MAL DOCUMENTADOS OU INCORRECTAMENTE MARCADOS

Animáis mal documentados e, sobre todo, con deficiencias nas marcas de identificación, cos riscos potenciais para a Sanidade Animal e a Saúde Pública que supón o non poder garantir a trazabilidade do animal (Regulamento (CE) 178/2002: « Trazabilidade», a posibilidade de atopar e seguir o rastro, a través de todas as etapas de produción, transformación e distribución, dun alimento, un penso ou un animal destinado á produción de alimentos.

Entendemos que convén unha actuación homoxénea e regulada nestes casos, por parte dos inspectores, que non cre dúbidas nin indefensións ou prexuízos os propietarios/responsables do animais pero que garanta a seguridade alimentaria e a sanidade animal.

Os SVO verificarán que o operador do matadoiro leva a cabo correctamente



o control da documentación de acompañamento dos animais que recibe, tanto os correspondentes ao operador económico do gando (ICA) como da documentación sanitaria (GOSP, DIB...). Ademais en caso de erro, o matadoiro terá un sistema de adopción de medidas oportunas para evitar a entrada destes animais ao sacrificio e comunicarlle estas incidencias aos SVO, tendo correctamente localizados os animais nas cortes.

Por norma xeral non se autorizará o sacrificio para consumo dos animais que non estean correctamente documentados. Requirirase a corrección dos incumprimentos e, se ao final da xornada persisten, procederase á inmovilización cautelar da res nos currais do matadoiro.

O gando bovino debe ter dúas marcas oficiais, unha en cada orella. Admitirase para sacrificio os que só manteñan unha destas marcas sempre que estea íntegra, anotando esta incidencia nos rexistros do Semaga.. Toda aquela marca que non manteña a súa integridade (rota, desmontable, con só unha lapela...) ou que non estea colocada na orella do animal, considerarase NON VÁLIDA, p ex., se un bovino ten 2 "medias chapas" en cada orella, se considerará como non identificado.

Dada a dificultade, en moitos casos, de advertir estas deficiencias durante a IAM (animais agresivos, dificultade para apreciar as manipulacións, falta de luz...), e dado o considerable número de casos de manipulación que se detectan polos SVO dos matadoiros, aconséllase facer unha segunda revisión das marcas auriculares durante a revisión das cabezas na IPM

No caso do porcino, en Galicia o máis frecuente é a identificación mediante martelo tatuador. Cando se fai a comprobación nas cortes destas marcas, non sempre é posible a visualización correcta das mesmas (pelo, sucidade,...) co que se recomenda unha nova comprobación coa canal depilada.

2b.4 CADRO DE DECISIÓNS



Abril 2021 Documentos y marcas.xlsx (sergas.gal)

INCUMPRIMENTOS	ADOPCIÓN DE MEDIDAS	COMUNICACIÓN	REGISTRO
<p>Se a non conformidade está na documentación sanitaria ou na identificación</p>	<p>Comunicar o operador a non conformidade no destino a inspección visual mediante notificación que pode facerse co epígrafe de actas de SEMAGA na que se informa o operador a espera dos animais para inspección visual, o motivo e que se lle concede prazo razoable para emendar a deficiencia. (1) Se as non conformidades non se corríxen se comunicará o Departamento Territorial mediante Acta + Anexo de medida cautelar (2). O Departamento Territorial procederá a apertura de expediente Si a detección e despois do sacrificio se seguirá o mesmo procedemento.</p>	<p>Acta + Anexo medida cautelar o Departameto Territorial. Os animais ou canais permanerán inmovilizados ata a resolución do expediente por parte do Dpt. Territorial No caso de que se subsanen as non conformidades, comunicarse o Departamento Territorial para que resolva.</p>	<p>Acta + Anexo medida cautelar Registros Semaga</p>
<p>Se a res ou lote de animais se moveu sen GOSP e xa non é posible obtela porque xa se efectuou o traslado.</p>	<p>Comunicar o operador a non conformidade no destino a inspección visual mediante notificación que pode facerse co epígrafe de actas de SEMAGA na que se informa o operador a espera dos animais para inspección visual, o motivo e que se lle concede prazo razoable para emendar a deficiencia. (1) Se as non conformidades non se corríxen se comunicará o Departamento Territorial mediante Acta + Anexo de medida cautelar (2). O Departamento Territorial procederá a apertura de expediente Si a detección e despois do sacrificio se seguirá o mesmo procedemento.</p>	<p>Acta + Anexo medida cautelar o Departameto Territorial. Os animais ou canais permanerán inmovilizados ata a resolución do expediente por parte do Dpt. Territorial No caso de que se subsanen as non conformidades, comunicarse o Departamento Territorial para que resolva.</p>	<p>Acta + Anexo medida cautelar Registros Semaga</p>
<p>Detección de CROTAIS manipulados</p>	<p>Comunicar Acta + Anexo medida cautelar o Departameto Territorial que procederá a apertura de expediente. Os animais ou canais permanerán inmovilizados ata a resolución de expediente por parte do Dpt. Territorial. Si a detección e despois do sacrificio se seguirá o mesmo procedemento.</p>	<p>Acta + Anexo medida cautelar o Departameto Territorial. Os animais ou canais permanerán inmovilizados ata a resolución do expediente por parte do Dpt. Territorial</p>	<p>Acta + Anexo medida cautelar Registros Semaga</p>
<p>IDADE non se corresponde O Operador deberá asegurar que os animais presentados a sacrificio se corresponden coa raza, idade, sexo, identificación e outras reflectidas na documentación de acompañamento.</p>	<p>Comunicar Acta + Anexo medida cautelar o Departameto Territorial que procederá a apertura de expediente. Os animais ou canais permanerán inmovilizados ata a resolución de expediente por parte do Dpt. Territorial. Si a detección e despois do sacrificio se seguirá o mesmo procedemento.</p>	<p>Acta + Anexo medida cautelar o Departameto Territorial. Os animais ou canais permanerán inmovilizados ata a resolución do expediente por parte do Dpt. Territorial</p>	<p>Acta + Anexo medida cautelar Registros Semaga. Observacions postmortem</p>
<p>1. Esta comunicación previa queda a criterio do Servizo Veterinario se considera que pode solucionarse no matadoiro por parte do operador.</p>			
<p>2.- O Anexo medida cautelar encóntrase no apartado Recepción-Documentación animais/ documentación asociada</p>			
<p>No caso de que no procesos anteditos existira algún problema de benestar animal que obligue a toma de decisión de sacrificio, éste será xustificado con acta para apertura de expediente (matadoiro ou transporte de animais non aptos). Ver no apartado de Benestar animal.C3</p>			



2b.5 REXISTROS – SEMAGA

O procedemento de rexistro de animais, a importación de datos do rexistro de entrada da empresa e a inspección documental, todo iso previo á inspección ante mortem pode consultarse no anexo manual de Semaga e as fichas correspondentes dos cursos de formación. No caso de bovino, o rexistros serán no epígrafe inspección de crotales

NOVO REXISTRO

Crotal

N.C.V. E. Recepción

Sexo Raza

D.Nacemento Orde

CEA Prop. Propietario

CEA Entr. Entrador

País Provincia

Res de CSG (Campaña de saneamento gandeiro)

Observacións

Rexistros do Servizo Veterinario sobre a inspección documental.

No caso de bovino, o rexistros serán no epígrafe inspección de crotales

A información das reses dadas de alta no proceso de rexistro e propostas para sacrificio, será validada polo veterinario no proceso de Inspección Antemortem Documental. Neste proceso poderase acceder ós datos das reses propostas para sacrificio polo matadoiro.

Procederase a revisar a documentación e conforme ao seu resultado procederase a outorgar o destino de acordo á ficha que se adxunta.

Nas apartado observacións reflectirase todo aqueles aspectos que o inspeccionador considere de relevancia para as posteriores inspeccións na cadea de sacrificio.



SEMAGA REGISTRO **DOCUMENTAL** VISUAL SACRIFICIO POSTMORTEM PENDENTES EXPEDICIÓN

FASE DOCUMENTAL Nesta revísase a documentación dos animais, e se é válida pásanse os animais á inspección antemortem ou visual.

RESUMO: COMPROBACIÓN DA DOCUMENTACIÓN > REGISTRO DE INCIDENCIAS DOCUMENTAIS > FINALIZACIÓN

PC - SMWEB

LISTADO DE REGISTROS

#	CROTAL	PAÍS	IDADE	DIAS	DESCRIPCIÓN DO DESTINO
1	000633210000	PORTUGAL	02	Salvo recepción de 48 meses	
2	000700010000	C.A. GALICIA	20	Salvo recepción de 12 meses	
3	000600040000	C.A. GALICIA	00	Salvo recepción de 48 meses	
4	000600020000	C.A. GALICIA	11	Salvo recepción de 12 meses	

O botón **INSPECCIÓN VISUAL** establece o destino de todos os crotais seleccionados a Inspección Visual, para que poidan pasar ó proceso de Visual.

O botón **EDITAR** na pantalla de Documental pódese establecer o destino e observacións relativas á documentación do crotal seleccionado.

O botón **REXETITAR** permite devolver as reses seleccionadas ó proceso de Registro.

PDA

DOCUMENTAL

Datos

Accede á pantalla de edición do crotal seleccionado na lista.

Aceptar

Finaliza o proceso Documental.

AUTO

Establece o destino de todos os crotais da lista a Inspección Visual, salvo aqueles que xa teñan un destino establecido.

DATOS **AUTO** **ACEPTAR**

RESUMO DE OPCIONS DE INSPECCIÓN DOCUMENTAL

Destino	Descrición destino	Estado despois de finalizar
Inspección Visual	Crotal con documentación correcta.	Pasa a Visual
Inmovilizada	Crotal pendente recepción de documentación.	Queda en Documental
Errónea	Documentación errónea ou dun crotal inexistente.	Desaparece do sistema
Devolución	Non apta para sacrificio	Queda en Documental

Se anotarán en observacións todas aqueles aspectos que deban tenerse en conta en los siguientes procesos de inspección

<https://vetmaga.sergas.es/Contidos/Documents/36/SEMAGA-PROCESOS-121201.pdf>

No caso de Porcino, ovino, caprino, equino, aves e coellos os registros de inspección serán os do epígrafe semaga inspección lotes

INSPECCIÓN LOTES

Data Desde Ata

Datos Lote

Data Lote

Especie Categoría Lote Matadoiro

CEA Explotación

Observacións rexistro



Rexistros do Servizo Veterinario sobre a supervisión documental

Rexistro nos protocolos de supervisión. **No epígrafe de semaga protocolos**

Toda a información obtida nos procesos de inspección relativos a revisión de documentos e marcas, será reflectida nos protocolos de rexistro de supervisión de semaga. para todas as incidencias detectadas establecerase un prazo de corrección. Unha vez emendadas reflectirase no protocolo sobre a incidencia aberta, e e esta maneira quedará rexistrada a incidencia e a data e corrección.

Para aquelas incidencias que requiran acta de comunicación, rexistrarse a acta na apartada acta..

https://vetmaga.sergas.gal/Contidos/Documents/293/Guia_Semaga_supervision_protocolos.pdf

Formulario F-13T-01-03-04 Protocolo de supervisión de Semaga diario. Apartado 1.4

<https://inspeweb.sergas.gal/Contidos/P3-Formularios>

1.3 Resultado correcto da medición do nivel de cloro da auga.	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
1.4 Documentación:			
1.4.1 A empresa dispón do rexistro de entrada e revisou a documentación dos animais (ICA, Certificado A.M. ou GSOP, segundo proceda), comunicando as incidencias ao inicio da xornada ao SVO	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
1.4.2 Os animais presentan a ICA correcta e, de ser o caso, certificado sanitario de Inspección antemortem (doc.orixinais, cumprimentados e en vigor)-revisar 5%	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
1.4.3 O operador revisou previamente a ICA de todos os animais aceptados para o sacrificio e comunicou ao SVO as non conformidades detectadas	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
1.4.4 Os elementos de identificación dos animais/lotos son correctos (crotais, DIBs, etc)	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
1.4.5 Os animais mal identificados, documentados e/ou que padezan algunha alteración do benestar, están separados (e houbo comunicación previa destes feitos ao SVO ao inicio da xornada)	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>



LEXISLACIÓN

XERAL

- Regulamento (UE) 2016/429 do Parlamento Europeo e do Consello do 9 de marzo de 2016 relativo ás enfermidades transmisibles dos animais e polo que se modifican ou derogan algúns actos en materia de sanidade animal («Lexislación sobre sanidade animal»).
- Regulamento delegado (UE) 2019/2035 a Comisión, do 28 de xuño de 2019, polo que se completa o Regulamento (UE) 2016/429 do Parlamento Europeo e do Consello no referente ás normas sobre os establecementos que teñan animais terrestres e as plantas de incubación, e á rastrexabilidade de determinados animais terrestres en cativeiro e dos ovos para incubar
- Regulamento de execución (UE) 2021/520 da comisión do 24 de marzo de 2021 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 2016/429 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta a a rastrexabilidade de determinados animais terrestres en cativeiro
- Real decreto 205/96 sobre identificación e rexistro de gando bovino, porcino, ovino e caprino.
- Real decreto 479/2004, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras (REGA).
- Real decreto 728/2007, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de movementos de gando e o Rexistro xeral de identificación individual de animais.
- Real decreto 361/2009, do 20 de marzo, polo que se regula a información sobre a cadea alimentaria que debe acompañar aos animais destinados a sacrificio.
- Real Decreto 787/2023, do 17 de outubro, polo que se ditan disposicións para regular o sistema de rastrexabilidade, identificación e rexistro de determinadas especies de animais terrestres en cativeiro.

BOVINO

- Reais decretos 1980/1998, 197/2000 e 1377/2001 sobre identificación e rexistro de bovinos
- Resolución do 23 de maio de 2000 da Consellería de Medio Rural e Pesca sobre identificación e rexistro de animais da especie bovina. (Normativa autonómica Asturias)
- Real Decreto 1086/2020, do 9 de decembro, polo que se regulan e flexibilizan determinadas condicións de aplicación das disposicións da Unión Europea en materia de hixiene da produción e comercialización



dos produtos alimenticios e regúlanse actividades excluídas do seu ámbito de aplicación

PORCINO

- Real Decreto 205/1996, do 9 de febreiro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies bovina, porcina e caprina. (incluído na parte xeral pero xa practicamente aplicable so a porcino)
- Real Decreto 306/2020, do 11 de febreiro, polo que se establecen normas básicas de ordenación das granxas porcinas intensivas, e modifícase a normativa básica de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo. (artigo 13)
- Real Decreto 1221/2009, do 17 de xullo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo e polo que se modifica o Real Decreto 1547/2004, do 25 de xuño, polo que se establecen as normas de ordenación das explotacións cunícolas. (artigo 5)

OVINO, CAPRINO

- Real Decreto 685/2013 sobre identificación e rexistro de ovinos e caprinos.

EQUINO

- Resolución do 10 de novembro de 2010, da Consellería de Medio Rural e Pesca, pola que se regula o sistema de identificación e rexistro dos équidos nas explotacións gandeiras do Principado de Asturias
- Real Decreto 676/2016, do 16 de decembro, polo que se regula o sistema de identificación e rexistro dos animais da especie equina.
- Regulamento de Execución (UE) 2021/963 da Comisión do 10 de xuño de 2021 polo que se establecen disposicións de aplicación dos Regulamentos (UE) 2016/429, (UE) 2016/1012 e (UE) 2019/6 do Parlamento Europeo e do Consello polo que respecta á identificación e o rexistro de equinos e polo que se establecen modelos de documentos de identificación para eses animais (Texto pertinente a efectos do EEE)

Poden ser consultadas en:

<https://www.mapa.gob.es/es/ganaderia/legislacion/>

<https://eur-lex.europa.eu/homepage.html?locale=es>